

O xornal da Terra de Melide

Nº 63. Marzo 2011. Distribución gratuíta

MELIDE

Presentan un orzamento “axustado” de case 6 millóns para o 2011 P9

COMARCA

Máis de 20 colectivos piden unha senda peonil no vial CP-4603 P14

DEPORTE

Nova colleita de medallas dos loitadores da Escola Ayude de Melide P19

ENTREVISTA



María José Rodríguez,
Q’ me compro
“Vestimos a mozos, señoras e cabaleiros para calquera ocasión” P23

A comarca festexa o Entroido máis multitudinario dos últimos anos

Chegou o Entroido, unha das épocas do ano máis festeiras. Durante cinco intensos días, nas vilas e aldeas da zona poidéronse ver toda clase de disfraces e comparsas. Dende os que parodiaban acontecementos do ano ata os que rememoraban personaxes de conto ou bonecos de moda. Especialmente concorridos foron os desfiles deste ano. Pero a troula pasou rápido e chegou a queima do Meco e xa hai quen agarda a chegada de Don Carnal para o ano. P17



Asetem celebra este mes a asemblea e a cea anuais




A patronal melidense convocou para o xoves 17 de marzo a asemblea ordinaria e para o venres 25 a cea anual de confraternidade. P3

Entregados os premios de ‘Este Nadal toca en Melide’



Os agraciados cos premios da campaña de Nadal de Asetem-Cca xa tiveron oportunidade de gastar os case 7.750 euros que se repartiron en total. P9



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@leleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

8-M: aínda é necesario

“Es una obviedad que España está preparada para tener una presidenta del Gobierno”. Son palabras que pronunciou hai unhas semanas a Ministra de Defensa, Carme Chacón, ao ser preguntada pola sucesión do presidente Zapatero. Son palabras que se lle poden vir a calquera cidadán á mente cando pensa na conmemoración do 8 de marzo, o Día Internacional da Muller Traballadora.

Por moito que consideremos que a nosa sociedade ten dado grandes pasos, aínda é moi patente o seu carácter machista. O simple feito de celebrar unha conmemoración en apoio das mulleres denota a existencia dun problema.

Reflexionemos. Tan só botando unha ollada á nosa sociedade, simplemente ao ámbito laboral, non está tan claro que España estea preparada para ter unha presidenta. Sonará tópico, pero segue habendo traballos asignados directamente para mulleres ou para homes. As secretarías son mulleres e os camioneiros homes. As enfermeiras son maioritariamente mulleres e os médicos homes. Coma estes, tantos outros exemplos.

Tirando do fío, o inevitable eslabón que segue é o do famoso “teito de cristal”, ese impedimento que se transforma en invisible e que impide ás mulleres acceder aos postos máis altos das empresas ou da administración. Nas empresas españolas que cotizan no Ibex 35 só hai 54 mulleres nos consellos de administración fronte a 448 homes. A diferenza é abismal.



A loita das mulleres que acadan o éxito é dobre, ou triple, se cabe. Teñen que esforzarse moito máis ca un home para acadar un posto de certa responsabilidade, loitar contra rancios prexuízos e obter un rendemento do dobre que os seus compañeiros para non recibir críticas. É de recoñecer o traballo de moitas mulleres que están a loitar para que o seu nome non sexa borrado da historia, tal e como aconteceu tradicionalmente.

Capítulo aparte é a diferenza de salarios entre homes e mulleres a igual traballo. Recentes estudos indican que as mulleres da Unión Europea gañan, de media, un 17,5% menos que os homes ao longo da súa vida laboral. Para que o salario dunha muller sexa igual ó dun home, ésta debe traballar uns 418 días. Todo un ano máis 53 días máis, é dicir, ata o 22 de febreiro do ano seguinte. Este cálculo apunta á existencia doutro problema. E así, dende hai dous anos, o 22 de febreiro conmemórase o Día Europeo pola Igualdade Salarial.

Todo axuda, ata a famosa Lei de Igualdade, pero non serve de nada se non se actúa sobre a educación. Aínda quedan varias xeracións por diante para conseguilo. Para que as palabras da ministra Chacón non se consideren tan utópicas.

Europea gañan, de media, un 17,5% menos que os homes ao longo da súa vida laboral. Para que o salario dunha muller sexa igual ó dun home, ésta debe traballar uns 418 días. Todo un ano máis 53 días máis, é dicir, ata o 22 de febreiro do ano seguinte. Este cálculo apunta á existencia doutro problema. E así, dende hai dous anos, o 22 de febreiro conmemórase o Día Europeo pola Igualdade Salarial.

Todo axuda, ata a famosa Lei de Igualdade, pero non serve de nada se non se actúa sobre a educación. Aínda quedan varias xeracións por diante para conseguilo. Para que as palabras da ministra Chacón non se consideren tan utópicas.

Tribuna de opinión

Renovarse ou morrer

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O 19 e 20 de febreiro celebrouse a sétima edición da feira de saldos Mercamelide, que naceu no ano 2007 como unha iniciativa novidosa, organizada dende o propio comercio da vila, para que os establecementos poideran liquidar os seus stocks a prezos moi asequibles para o público.

A popularidade do Mercamelide subiu coma a espuma nas súas primeiras edicións. Pero non se sabe se foi o éxito, a falta de novas iniciativas complementarias ou a crise -que para tirar abaixo proxectos que non están plenamente consolidados é a mellor medicina-, semellaba que a feira ía perdendo gas nas últimas edicións.

Mesmo había controversias a respecto da data na que se celebraba a edición do verán, que parecía non dar co seu sitio xusto no calendario. E incluso chegou a

mermar o número de tendas que participaban na feira.

Mais nesta última edición, pese a ser a máis complicada en termos económicos, non houbo stands baleiros no Pazo de Congresos melidense. Foron uns 30 os comercios que expuxeron os seus restos de tempada a prezos con moito gancho para os petos dos cidadáns de a pé.

Como nas tres últimas ocasións houbo un sorteo de produtos variados, que este ano estivo complementado con alimentos típicos do Entroido.

O incentivo que marcou a diferenza desta vez foi o posto de embutidos de Distribucións O Carrizo. Tiveron moito éxito os xamóns, incluso os ibéricos, e as comidas, un acerto que hai que recoñecer. Á vista do acontecido, esta edición deixa unha porta aberta para mellorar a próxima.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
 Publicación mensual de distribución gratuíta
DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)
 Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López,
 Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’
AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Norprensa S.A.
DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	9
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓNS.....	20
-AXENDA.....	22
-ENTREVISTA.....	23

A sétima edición de Mercamelide remata cun balance satisfactorio

A asistencia de público foi maior na segunda xornada

Á expectativa. Así asistían os case 30 comerciantes que participaron na sétima edición de Mercamelide ante as dificultades que está pasar o sector na actualidade.

Coma en tódalas edicións anteriores, foi moi ampla a variedade de artigos que se puxeron á venda, con descontos que animaban aos consumidores a mercar. Había ofertas de 2x1, 3x1 ou descontos dende o 30% ata o 60 ou mesmo ata o 70%.

Nesta ocasión mantívose a tendencia dos consumidores a decantarse polos postos de calzado para facer as súas compras. As tendas de roupa tamén foron unhas das máis visitadas, ademais das de complementos.

A asistencia de público foi frouxa durante o sábado, segundo confirmaron os propios comerciantes, pero foise animando segundo transcorría a tarde e, sobre todo na segunda xornada da feira, a pesar do mal tempo que se rexistrou ao



Os postos de calzado foron os que tiveron máis éxito

longo de todo o día.

Ao remate da feira, varios comerciantes consultados valoraban esta edición de xeito positivo, lembrando que "o Mercamelide de febreiro sempre ten máis éxito que o de verán". Recoñecían que era necesaria esta feira para animar as vendas.

Novidade

Nesta edición destacou a pre-

senza dun posto de venda e degustación de produtos cárnicos da empresa local Distribucións O Carrizo, que tamén contou cun pequeno comedor para ofrecer distintos pratos. Os produtos cárnicos desta firma tamén estiveron presentes na completa cesta que se sorteu entre os consumidores que fixeron compras ao longo dos dous días que estivo aberta a feira.

Asetem celebrará asemblea e cea anual en marzo

A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) fixou para o 17 de marzo -xoves- a celebración da asemblea xeral ordinaria. A reunión terá lugar no salón de actos da patronal, ás 21.00 horas en primeira convocatoria e ás 21.30 en segunda. Asetem-Cca xa informou da convocatoria por carta a tódolos asociados.

A Xunta Directiva dará conta das actuacións desenvolvidas ao longo do pasado

exercicio e fixará os obxectivos para o presente ano. Asímismo lerase o balance de contas anual. Como é habitual, aquel socio que desexe coñecer de antemán o estado das contas poderá consultalo nas oficinas da patronal.

A cea anual de confraternidade celebrarase o venres 25 de marzo, ás 21.30 horas no Hotel Carlos 96 de Melide. As invitacións poderán recollerse entre os días 17 e 23, incluídos, nas oficinas de Asetem-Cca.

Charla sobre a nova Lei de Comercio o 14 de marzo

Para resolver as dúbidas plantexadas por diversos comerciantes melidenses ante a nova Lei de Comercio -que entrou en vigor o pasado 18 de xaneiro-, Asetem-Cca decidiu organizar unha charla na que a Dirección Xeral de Comercio explicara pormenorizadamente os detalles da nova normativa.

A sesión está prevista para o próximo luns, 14 de marzo, ás 20.30 nos salón de actos de

Asetem-Cca.

Será a propia directora xeral de Comercio, Nava Castro, a encargada de explicar polo miúdo a nova normativa e resolver as dúbidas dos comerciantes.

Un dos principais cambios con respecto á anterior lexislación é a prohibición de facer descontos antes das campañas de rebaixas.

A charla estará aberta aos comerciantes non asociados.

HOGAR

CONTRATA TU SEGURO DE HOGAR Y DISFRUTA DE UNA BATERÍA DE VENTAJAS

BATERÍA DE COCINA DE 5 PIEZAS DE REGALO

Prima mínima 150 €. Hasta el 31 de mayo 2011 o fin de existencias.

Infórmate en tu oficina más próxima

SEGUROS BILBAO | Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

PRECIOS ESPECIALES PARA COMUNIDADES DE PROPIETARIOS

OFICINAS Y COMERCIOS **hasta el**

TU SEGURO DE OFICINA O COMERCIO A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

40% descuento

CIDERTRONIC

A tua tenda de informática on line

Camara Canon Powershot

70,35 €

portatil Samsung por solo

399,90€

entra en: **www.cidertronic.es**

Asetem entrega os premios de Nadal

Nun acto celebrado o pasado 18 de febreiro, Asetem-Cca fixo entrega dos premios da campaña de Nadal do comercio melidense.

O evento, ó que asistiron premiados e comerciantes, celebrouse na Pulpería Ezequiel e estivo presidido pola presidenta da patronal comarcal, Sonia Valiño, a presidenta da Comisión de Comercio, Rosa Cabado e o concelleiro de Promoción Económica de Melide, Antonio Díaz.

Valiño agradeceu a partici-

pación de comerciantes e clientes na campaña e destacou a importancia das promocións que periodicamente pon en marcha a asociación de empresarios para incentivar o consumo no comercio local.

De igual xeito, Rosa Cabado, fixo fincapé na variedade de sectores comerciais que teñen presenza na vila melidense e asegurou que as campañas de Asetem-Cca -principalmente a de Nadal- xa son amplamente coñecidas polos consumidores e demandadas polos propios



Rosa Cabado, Sonia Valiño e Antonio Díaz no acto

comerciantes.

O obxectivo destas iniciativas é potenciar o consumo nos establecementos locais, ao mesmo tempo que estes premian a fidelidade dos seus clientes.

Dende hai 12 anos

A campaña de Nadal comezou a facerse en Melide dende o ano 1998.

Nesta ocasión a promoción repartiu premios por un valor próximo ós 7.750 euros, ademais doutros agasallos.

Os protagonistas



Premiados e comerciantes saborearon uns pinchos na Pulpería Ezequiel



Mª akakakakak obtivo o premio de 3.000 euros que entregou Calzados Broz e recolleu a filla da premiada.



Mª Josefa Carregal Ríos recolle o premio de 1.000 euros que lle fixo entrega Froitas Gallego



Mª Dolores Fuciños Cordido resultou agraciada con 250 euros por parte de Calzados Broz



Julio Suárez Camino obtivo un premio de 250 euros que lle entregou Calzados Tanuska



Mª del Carmen Raíño Pérez recibiu de mans da Panadería Toques un premio de 250 euros



Q' me compro entregou un premio de 200 euros á representante de Jesús Mosteiro Mato



María Rguez Fuciños resultou agraciada con 200 euros ao mercar en Expert Melide



A representante de Ramón López López acadou un premio de 200 euros en Fisio Vida



Os representantes de Ángeles Mosteiro Peón recolleron 200 euros de parte de Leiva Motosport



Inmaculada Landín Salgueiro fíxose cun premio de 200 euros entregado pola Xoiería Roval



Dolores Val Val resultou agraciada con 200 euros tras consumir no Supermercado Vilasoa



M^a José Costoya Castro recibiu 200 euros que lle entregou a Ortopedia Ortosaúde



Seguros Bilbao fixo entrega doutro premio de 100 euros a Alejandra López Iglesias



A representante de Enrique Vázquez Vázquez recolleu 100 euros de mans de Leiva Motosport



Yolanda Montero Quintela resultou agraciada con 100 euros que lle fixo entrega Xoiería Roval



Raquel Asorey Ballano recibiu un premio de 100 euros por parte de Calzados Broz

Asetem colabora con varias firmas para ofrecer servizos e formación aos asociados

Asetem-Cca estableceu acordos de colaboración con dúas firmas para ofrecer distintos servizos e formación aos asociados en condicións vantaxosas.

Por unha parte, a patronal melidense asinou un convenio de colaboración con Ames Formación, que ofrecerá un amplo abanico de cursos subvencionados pola Seguridade Social, polo que non teñen ningún tipo de custo para o empresario.

Dispoñen de todo tipo de cursos especializados para os sectores de transporte, sanidade, hostelería e alimentación, administración de empresas ou informática, deseño e Internet. Os cursos rea-

lizaranse unha vez que se reúna un mínimo de 15 persoas. Poden solicitar máis información a través do 981506188.

Protección de datos

Asetem-Cca tamén colabora coa firma Audidat Galicia para ofrecer o servizo de protección de datos aos asociados.

Os servizos que se ofrecen son a adecuación á normativa española sobre a protección de datos de carácter persoal, a inscrición destes ficheiros no rexistro da Agencia Española de Protección de Datos, elaboración do documento de seguridade, redacción de cláusulas legais. Obterán máis información a través do 981506188.

Unhas cen persoas asistiron á cea de San Valentín que agasallou o comercio



A cea do Día dos Namorados, organizada por Asetem-Cca, foi todo un éxito á vista desta imaxe. Unhas cen persoas, que

previamente participaron na campaña do comercio melidense, acudiron á velada romántica organizada no Hotel

Carlos de Melide. Cincuenta parellas celebraron este sinalado día cunha comida de luxo, música e baile.

...a peza que precisa a súa empresa

laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Axudas do IGAPE para o programa de apoio ao acceso ao financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital de PEMES (PLAN RE-SOLVE +) (DOG nº 32, do 16 de FEBREIRO de 2011)

Liñas de axuda:

a) APOIO AO CIRCULANTE. Préstamos/pólizas de crédito, de 3.000 a 150.000€. Prazo, 3 anos.

b) REFINANCIAMENTO DE PASIVOS. Préstamo de 6.000 a 300.000€. Prazo, 5 anos.

c) AMPLIACIÓN DE CAPITAL. Préstamos, de 3.000€/socio a 250.000€/socio; e ata 500.000€/empresa. Prazo mínimo, 7 anos.

Tipo de xuro: Euribor + 2.75 puntos. Revisión semestral.

Axuda adicional do 5% do principal do préstamo formalizado.

Beneficiarios: PEMES, persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas; socios actuais ou futuros de sociedades mercantís ou cooperativas (liña de ampliación de capital).

Prazo: ata o 15 de setembro de 2011.

2. Axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios en réxime asociativo. (DOG Nº 32, de 16 de Febreiro de 2011)

Beneficiarios: cooperativas agrarias, CUMA, SAT sempre que realicen as actividades obxecto da axuda

Axuda: ata o 40% do investimento e un 50% en zona desfavorecida.

Prazo: ata o 16 de marzo de 2011.

3. Axudas a agrupacións de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada. (DOG nº 32, do 16 de Febreiro de 2011)

Beneficiarios: Agrupacións de produtores que participen nalgún programa de calidade diferenciada de alimentos.

Actividade subvencionables: Actuacións de información e promoción en que o fin sexa inducir o consumidor a adquirir produtos incluídos no marco de programas de calidade diferenciada dos alimentos. Queda excluído a promoción de marcas comerciais.

Gastos subvencionables: Promoción con campañas publicitarias, asistencia e organización

de feiras e exposicións e estudos e outras accións de divulgación.

Prazo: ata o 28 de marzo de 2011

4. Subvencións para os promotores de aloxamentos protexidos. (DOG Nº 32, do 16 de febreiro de 2011)

Beneficiarios: Promotores de aloxamentos protexidos e que contén coa cualificación definitiva emitida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011. Prazo: ata o 16 de marzo de 2011.

5. Subvencións para actuacións de rehabilitación ao abeiro do Programa Renove do Plan Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

Beneficiarios: Comunidades de propietarios, persoas físicas ou xurídicas que teñan promovido actuacións de rehabilitación, que estean en posesión da cualificación definitiva, que destinen a vivenda rehabilitada a residencia habitual e permanente durante 5 anos e que non superen determinado límites de renda, entre outros requisitos.

Contía: Ata o 75% do orzamento protexible
Gasto subvencionable: O orzamento da actuación que figure no documento de cualificación definitiva emitida polo organismo correspondente e debidamente xustificado.

Prazo de solicitude: ata o 1 de abril de 2011.

6. Axudas destinadas a agrupacións de produtores de prantas vivas e produtos da floricultura para mellora da súa produción, comercialización e formación, convocatoria 2011. (DOG nº 42, de 2 de marzo de 2011)

Beneficiarios: Agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura (cooperativas, SAT e outras entidades con personalidade xurídica propia), recoñecidas como tal pola Consellería de Medio Rural e que cumpran determinados requisitos; tales como, a presentación dun Plan de Acción que inclúa, entre outras, accións dirixidas a mellorar a eficacia do sistema productivo, a calidade e a comercialización das súas producións e a súa formación.

Liñas de axuda e contía máxima:
a) Investimento: ata o 20%, máximo 200.000 €
b) Fomento da produción de produtos de calidade. Ata o 50 % dos gastos subvencionables.
c) Formación. Ata o 50 % dos gastos subvencionables. Prazo: ata o 2 de abril de 2011.

Reseña fiscal e laboral

-Reducións de cotizacións á Seguridade Social en contratos a tempo parcial.

Contía da redución, durante os 12 meses seguintes a contratación:

a) 100% da cota empresarial á Seguridade Social, empresas con menos de 250 traballadores.

b) 75% da cota empresarial á Seguridade Social, en empresas de 250 ou máis traballadores.

Requisitos:

> Poderán beneficiarse desta redución as empresas que contraten, ata o 12/02/2012, de forma indefinida ou temporal, a persoas desempregadas inscritas dende o 01/01/2011 na Oficina de Emprego, mediante un contrato a tempo parcial, que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Ter unha idade igual ou inferior a 30 anos.

b) Levar inscritas na Oficina de Emprego, a lo menos 12 meses nos 18 meses anteriores á contratación.

> A xornada de traballo destes contratos deberá estar entre o 50% e o 75% de un traballador a tempo completo comparable.

> No caso de que se celebren contratos temporais, para poder acceder ás reducións, deberán ter unha duración mínima de 6 meses. Admítese calquera modalidade de contratación que permita a súa celebración a tempo parcial, excepto o contrato de interinidade e o de relevo.

> As contratacións efectuadas deberán suponer un incremento neto da plantilla da empresa, para ter dereito á redución. Así mesmo, as empresas que se acollan a estas reducións deberán manter, durante o tempo que dure a redución, o nivel de emprego alcanzado coa contratación realizada.

> As empresas que houberan celebrado contratos indefinidos ao amparo desta medida, transcorridos os 12 meses de aplicación da referida redución de cotas, poderán acollerse á bonificación que poidera corresponderlle por contratación indefinida e polo tempo que restara (descontando os 12 meses da redución).

> As empresas que celebren contratos temporais ós que sexa de aplicación esta redución e que antes do transcurso de un ano se transformen en indefinidos, terán dereito ás bonificacións previstas para contratación indefinida, se no momento da contratación inicial os traballadores contratados reunían os requisitos para a súa aplicación, descontando da duración das mesmas o período transcorrido de redución.

-Programa de Recualificación Profesional das persoas que agoten a protección por desemprego.

> Serán beneficiarios deste programa os desempregados inscritos na Oficina de Emprego por extinción da súa relación laboral e que esgoten, a partir do 16 de febreiro de 2011, a prestación de desemprego contributiva e non teñan dereito ou esgotasen os subsidios de desemprego.

> Non poderán acollerse ó programa as persoas que houberan percibido a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción (426 €), nin os que houberan esgotado ou poideran ter dereito á Renta Activa de Inserción, Renta Agrario ou Subsidio de Desemprego dos traballadores eventuais do Rexime Especial Agrario.

Axuda económica de acompañamento: 75% do IPREM mensual (aprox. 400 €), ata un máximo de 6 meses, cando o solicitante careza de rentas superiores ó 75% do SMI (481€/mes aprox.)

Obrigas: Realizar un itinerario individualizado e personalizado de inserción e participar en medidas de política activ de emprego encamiñadas á recualificación e/ou inserción profesional. A axuda económica poderá solicitarse unha vez iniciado o itinerario individualizado de inserción e a súa percepción estará condicionada á participación no mesmo.

Duración do programa: ata o 11 de agosto de 2011.



RESTAURANTE

Reservados • Despedidas

Cumpleaños • Bautizos

Pequeños Eventos • Cenas de empresa



**Rúa do Convento, 7
Melide
15800**

**Tlf: 981 505 325
restaurantecasaquinzan@gmail.com**

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Berencello
Rúa do Convento, 2
661815976
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505154
Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones Cardigan
Convento, 20
981505110
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Distribuciones Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Estanco Angarela
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855

Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Froitas León
Progreso, 24
619469453
Frutas Gallego e Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
Lácteos Terra de Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564
Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981507377

Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Multiprecio Cousas
Novoa Santos, 25
981507474
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosáude
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra,45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027

Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300
Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carbuvo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981505587

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981505482

MEDIOS DE
COMUNICA-
CIÓN

Dez TV
C/B, 27, Lalín
986787036

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047

Inmobiliaria Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Mª Jesús Iglesias Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608
OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Peluquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650436375
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Veterinaria Mónica Blanco
Mateo S. Bugeiro,11
629507958
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818

Presentan un presuposto “axustado” de 5,9 millóns

Este exercicio será “un antes e un despois” na contención da débeda, di Díaz

O PP calificou as contas de “arbitrarias, estéticas e insostibles”

Algo máis de 5,9 millóns de euros. Ese é o presuposto que aprobou o equipo de goberno melidense para o presente 2011. As contas, que foron expostas polo concelleiro de Promoción Económica e Facenda, Antonio Díaz, foron aprobadas co voto a favor do goberno (BNG-PSdeG) e co voto en contra do PP.

A partida con máis peso dos presupostos é o gasto corrente, que ascende ó 44,20% do total. Neste capítulo inclúense os gastos de alumeados, recollida de lixo, teléfono, correos ou seguros, entre outros.

O gasto de persoal segue a ser tamén unha das partidas máis importantes, cun 37,04% no peso total do orzamento.

O apartado de inversións ascenderá a case 561.000 euros, fondos que procederán na súa maior parte dos programas PCC e POS da Deputación da Coruña.

Díaz destacou “o compromiso do goberno para execu-



Díaz expuxo polo miúdo o orzamento para 2011

tar políticas necesarias, pagar facturas e xestionar eficientemente os ingresos”. Recordou que, malia a traballar sobre previsións, estas contas están “moi axustadas”.

O titular de Facenda afirmou que “este exercicio ten que establecer un antes e un despois para frear a diferenza entre os ingresos e os gastos que sempre tivo o Concello”.

Para acadar este obxectivo, Díaz avanzou que se desenvolverá unha guía de boas prácticas na propia administración. “Fomentar o uso responsable do teléfono como instrumento de traballo, o uso eficiente da calefacción e aire acondicionado, boas prácticas no consumo de materiais e o fomento da reciclaxe”, exemplificou.

A alcaldesa, Socorro Cea, recalcou que “cada ano recibimos menos ingresos doutras administracións” e puxo como exemplo que no 2010 se ingresaron 1,1 millóns de euros por parte do Estado, uns 200.000 euros menos que no ano 2006.

A respecto da subida dos sa-

larios a un grupo de 18 traballadores, Cea dixo que “fixemos este esforzo porque había traballadores que cobraban menos desempeñando o mesmo traballo”.

Cea e Díaz subliñaron reiteradamente que o Concello non pedirá un novo préstamo, como recentemente informou o PP local.

“Arbitrario e insostible”

Para o PP melidense as contas do 2011 son “arbitrarias, estéticas, insostibles e urxentes”. O edil Santos López razonou os calificativos aludindo á supresión de subvencións “de forma discriminatoria” a case todas as asociacións do concello. Asegurou tamén que os presupostos son “irreais” e incidíu na “desproporción” do “elevado” gasto en persoal.

López, provisional voceiro da oposición ante a ausencia de Ánxeles Vázquez, cuestionou o “oportunismo electoral” do equipo de goberno, ao presentar as contas “no primeiro trimestre por primeira vez no que vai de lexislatura”.

Solicitan á Xunta melloras na estrada AC-840

Reclaman novo firme e pintado



Estado do firme de AC-840 en pleno centro de Melide

O goberno melidense solicitou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a reparación “urxente” do firme e sinalización horizontal da estrada AC-840 -que une A Coruña e Lalín- ao seu paso pola vila.

A solicitude foi acompañada dun dossier fotográfico que amosa o estado no que está actualmente esta vía no tramo urbano de Melide -que é unha estrada de uso obrigado para acceder a dous colexios da vila e soporta un importante volume de tráfico- e dun informe da Policía Local.

Neste documento destácase

que o firme “está bastante deteriorado, con distintas reparacións de relevo desigual e varias fochas susceptibles de crear danos nalgún vehículo, e incluso algunhas delas coinciden en pasos de peóns”. Xustamente, o paso de peóns en peor estado é o que se atopa no centro da vila e, segundo informaron dende o Concello, xa rexistrou varias caídas de persoas maiores debido ás importantes gretas que ten.

Estas reclamacións xa foran trasladadas á Xunta en xullo de 2010. No Concello non recibiron ningunha resposta á petición de “urxente solución”.

SESIÓN INFORMATIVA Nova Lei de Comercio Interior de Galicia

ASISTIRÁ A DIRECTORA XERAL DE COMERCIO
NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ

LUNS, 14 DE MARZO, ÁS 20.30 HORAS
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (ASETEM-CCA)
R/ LINO SEXTO SÁNCHEZ, 2 - MELIDE



Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Goberno e oposición debaten sobre o persoal urbanístico

Melide aforrou 200.000 euros en redacción de proxectos nos últimos tres anos

Unha das últimas leas entre o equipo de goberno e a oposición melidense tivo como obxecto o persoal urbanístico do que dispón o Concello, despois de que dende o consistorio deran a coñecer que durante os últimos tres anos descenderan un 95% os ingresos polo imposto de contrucións, obras e instalacións (ICIO).

Dende o bipartito local defenden a renovación do contrato dos dous arquitectos municipais xa que son estes quen se encargan da redacción dos proxectos e das direccións de obra. Responsabilízanse ademais de tramitar os permisos necesarios nos distintos organismos, elaborar memorias e anteproxectos ou da coordinación da seguridade e



Os ingresos por licenzas urbanísticas baixaron notablemente

saúde que esixe a lexislación. Segundo indicaron no goberno, con estes traballos conseguíronse aforrar uns 200.000 euros na lexislatura.

O PP melidense pregúntase “cómo é posible ter contratados tres técnicos en urbanismo cando as licenzas urbanísticas na vila caeron un 95% dende a saída do PP do goberno municipal”. Ademais, ven “inadmisíbel” que se lle renovara o contrato aos dous arquitectos cando “o traballo é

mínimo segundo a alcaldesa”.

No goberno local argumentan que deste xeito se evita pagar a empresas externas e poñen como exemplo que na anterior lexislatura se pagaran máis de 90.000 euros a unha mesma empresa en concepto de redacción de proxectos. “O Concello está aproveitando coma nunca antes se fixera a capacidade dos seus técnicos para reducir ao mínimo as facturas”, subliña ao respecto a alcaldesa, Socorro Cea.

Dúas asociacións “á greña” por un concurso de pesca

A aparición duns carteis pegados polas rúas de Melide desatou a polémica. A Sociedade de Pesca Deportiva Ponte Mazaira-Furelos acusaba á Asociación de Troiteiros Río Furelos de non colaborar co campionato autonómico de salmónidos -organizado pola Federación Galega de Pesca-, que se celebrará en Melide os días 7 e 8 de maio.

Nos carteis, o presidente de Ponte Mazaira, Manolo Charrancas, denunciaba que Río Furelos “nunca cedeu coutos a Ponte Mazaira nin á Federación Galega de Pesca. Pola contra, Ponte Mazaira cedeulle coutos para celebrar o seu primeiro campionato en abril de 2006, e nin as grazas”.

O responsable de Ponte Mazaira convidaba a Xavier Pazo -presidente de Río Furelos- a un cara a cara para aclarar estas cuestións.

Preguntado por estas afirmacións, Xavier Pazo, asegurou que colaboran

cumpridamente coa federación autonómica. “No caso do concurso de salmónidos cedemos as datas, nas que xa tiñamos previsto organizar unha actividade, e entregaremos varios premios e agasallos ós concursantes”, indicou Pazo.

A polémica trasladouse á radio municipal, na que estaba previsto que se celebrase o cara a cara. Pazo deu explicacións ante as acusacións dos carteis. Pero Charrancas non fixo acto de presenza. Parece que as diferenzas entre estas dúas asociacións son irreconciliables.

Campeonato Terra de Melide

O 9 de abril celebrarase o VI campionato de pesca Terra de Melide, convocado pola asociación de troiteiros. É o único de toda Galicia no que poden participar troiteiros federados ou non federados. Haberá premios valorados en 2.500 euros. A inscrición é a través do número 696607348.

Programa de reforzo educativo en Primaria

Por terceiro ano consecutivo, o Concello de Melide puxo en marcha o programa de reforzo educativo para o segundo e terceiro ciclo de Primaria.

Vinte e catro alumnos, seleccionados previamente polos tres colexios da localidade, asisten durante case dous meses a clases para reducir as súas dificultades na lectura, escritura, cálculo ou resolución de problemas.

As sesións, dúas por semana, celébranse no Multiusos da localidade. Os alumnos están divididos segundo o curso ó que pertencen, para axeitar mellor as actividades que realicen.

Dende o consistorio aseguran que esta actividade foi valorada “moi positivamente” polos pais e nais nas dúas edicións anteriores.

Luz verde á traída de auga para San Salvador

A Xunta de Goberno Local adxudicou recentemente as obras de ampliación da rede de abastecemento de auga na parroquia de San Salvador e tamén nun núcleo de Furelos.

O proxecto, incluído no Plan de Cooperación cos Concellos da Deputación da Coruña, ten un orzamento de 110.000 euros e será desenvolvido pola empresa Espina y Delfin.

En San Salvador actuarase para levar a traída ós núcleos de O Feal, Andeán, Eirexe, Goxán pequeno, Goxán grande e Candieira. No caso de Furelos, as obras serán no lugar de Petos.

As obras supoñerán a canalización de máis de catro quilómetros de tubería de 90 milímetros de diámetro e a colocación de válvulas e pozos compactados para o correcto funcionamento da rede, segundo indicaron dende o goberno local. As obras teñen un prazo de execución previsto de

tres meses.

O concelleiro de Medio Ambiente e Servizos, Manuel Prado, asegurou que este proxecto é “o cumprimento dunha vella demanda dos veciños destas parroquias, que ata o de agora carecían deste servizo básico”.

Petición á Deputación

Prado reuniuse co presidente da Deputación da Coruña para solicitar que se aproveiten as obras de mellora e ensanchamento da estrada que une o casco urbano de Melide coas parroquias de Visantón e Ribadulla, en Santiso, para dotar do abastecemento de auga ás parroquias melidenses de Santa María, Campos e San Martiño das Varelas, con máis de 470 veciños beneficiados.

Prado entregou unha memoria da actuación aopresidente do organismo provincial. Dende o Concello están á espera de resposta.

O polideportivo xa é accesible para todos

O pavillón polideportivo melidense xa está adaptado ás persoas con mobilidade reducida. Hai uns días inauguráronse as obras, que consistiron na instalación dunha plataforma elevadora para trasladar aos usuarios con dificultades na mobilidade ata as bancadas. Ata o de agora, só se podía subir a través das dúas escaleiras laterais, polo que para unha persoa en cadeira de rodas era imposible acceder.

A outra actuación foi a re-

modelación total dos baños públicos. Construíronse un servizos máis novos e amplos, cumprindo a normativa sobre adaptabilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas, para o que tamén se construíron rampas de acceso.

As obras presupostáronse en 45.000 euros e foron incluídas no Plan Provincial da Deputación. No que vai de lexislatura investíronse no pavillón máis de 180.000 euros, segundo datos do Concello.

TESLA Enxeñerías e Proxectos

ODA O SEU PRESUPUESTO SON COMPROMISO



- Locais Comerciais e Licenzas de Actividade
- Instalacións Eléctricas e de Iluminación
- Instalacións de Ventilación e Climatización
- Proxectos de Eficiencia Enerxética
- Estudos de Impacto Ambiental
- Xestión de Trámites e Subvencións
- Consultoría Técnica en Calidade, Medioambiente e Prevención de Riscos
- Fichas Técnicas de Vehículos de Importación

Isabel Costoya Vázquez. Cg. 2928 **TEL: 670.463.603** e-mail: icv2928@coeticor.net

Alberto Blanco Peres. Cg. 2065 **TEL: 659.993.850** e-mail: abp3165@coeticor.net

ENXEÑERÍA TÉCNICA INDUSTRIAL - SANTIAGO DE COMPOSTELA - MELIDE

IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos



Centro da vila



Praza do Convento

50º ANIVERSARIO
Pulperia EZEQUIEL e hijos
Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

Tfno./Fax: 981 50 52 91
Móvil: 686 58 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

Pousada Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

Albergue Turístico

O Apalpador

Rúa San Antón, 22
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno. reservas:
879 837 989
(por correo electrónico)

albergueapalpador@hotmail.com
www.albergueapalpador.com

Camas Comidas

PARRILADA EL MOLINO

Habitaciones con:
Calefacción
Televisión
Baño

Rosalía de Castro, 15. Telf.: 981 50 60 48 MELIDE (A Coruña)

Pulperia A Garnacha

Mov: 605 883 268
Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garnachamelide@gmail.com

Yo he dejado mi huella en Melide y en Pulperia "A GARNACHA" me acordaré de ti

STOP

Não apenas, é
Espinho San Antón
MELIDE

Mesón-Pulperia ALONGOS II

Especialidade en cocinla galega tradicional,
desde 1952

PORCO IBERICO A PARRILLA
PULPO - BACALAO - COCIDO (por encargo)
CARNE DE BOLA
A PEDRA

Avda. Lugo, 22
MELIDE (A Coruña)

Tel.: 981 50 75 10 - Móvil: 615 36 00 89

CAFETERIA IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - RACIONES

Tfno.: 981 50 70 05
Cantón de San Roque, 1

15800 MELIDE
(A Coruña)

CAFETERIA CHAPLIN

25 ANIVERSARIO
1986 - 2011

Melide ingresará 15.000 euros anuais grazas a 150 paneis solares

Instaláronse nas cubertas do Pazo de Congressos e nas da Casa da Cultura

“Temos datos para falar duns ingresos anuais de 15.000 euros derivados da enerxía que se volcará á rede eléctrica ao ser captada polos paneis solares”. O concelleiro de Medio Ambiente, Manuel Prado, explicaba deste xeito os beneficios que reportará ás arcas municipais a instalación de 150 placas fotovoltaicas nas cubertas do Pazo de Congressos e da Casa da Cultura da localidade melidense.

A comezos febreiro rematou a colocación de 98 paneis -de 20 kw de potencia- no Pazo de



Placas solares foron colocadas no Pazo de Congressos

Congresos. Posteriormente comezaron a instalarse outros 50, de 10 kw, na Casa da Cultura, na que proseguen as obras no seu interior.

A actuación está totalmente financiada pola Deputación da Coruña, no marco do plan de

aforro enerxético, que aportou 150.000 euros.

A diferenza dos paneis instalados na piscina municipal ou no polideportivo, estas placas utilizaranse para volcar a enerxía que xeren á rede e vendela á compañía eléctrica.

Extensa programación de exposicións no Multiusos para os vindeiros meses

A sala de exposicións do Edificio Multiusos de Melide acolle dende o pasado mes de febreiro numerosas exposicións, que está previsto manteñan o espazo aberto ininterrompidamente ata o próximo mes de xuño, segundo os datos proporcionados polo Concello.

Con motivo da celebración do 8 de marzo, a sala acolle a exposición fotográfica ‘Mulleres’ de María Flórez. A mostra rende homenaxe á muller da transición mediante 39 imaxes en branco e negro. Poderase visitar ata o 14 de marzo.

Do 17 ao 30 de marzo expónense os traballos do IV Pre-



Mostra ‘Mulleres’ de María Flórez

mio internacional de arte gráfico Jesús Núñez.

Xa para o mes de abril, do

luns 4 ao mércores 20 XI Certame de artes plásticas Isaac Díaz Pardo.

Instan ao goberno local a apoiar o trazado da autovía

O PP de Melide reclama ó equipo de goberno a poñerse en contacto coa Federación Ecoloxista Galega -que interpuxo unha denuncia ante a Fiscalía por entender que a Xunta cometeu un delito ao dar o visto bo ó paso da autovía A-54 pola Serra do Careón- para que “cesen no seu empeño de poñer trabas” ao informe elaborado pola Consellería de Medio Rural e pactado cos ministerios de Medio Ambiente e Fomento que permitía o paso da autovía polo enclave protexido.

A voceira do PP local, Ánxeles Vázquez, recalca que o informe técnico elaborado pola Dirección Xeral de Conserva-

ción da Natureza avala que “en todo momento se respectan as especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas”. Neste senso, ve “inadmisíble” que o goberno local non realizara “nin un só movemento” ante a denuncia do colectivo ecoloxista.

Vázquez pide á alcaldesa, Socorro Cea, que defenda os intereses de Melide ante a construción do tramo Arzúa-Palas de Rei da autovía A-54, que unirá Santiago e Lugo. “Non se entende que o bipartito local non faga nada e se desentenda do asunto, cando hai meses botáballe a culpa ao goberno galego de atrasar o informe”, critica a popular.

COMPRO ORO
EN CUALQUIER ESTADO

**MÁXIMA TAXACIÓN
SIN COMPETENCIA**

DINERO AL INSTANTE
617 132 931

Ronda de Pontevedra, 8
MELIDE

Rúa de San Pedro, 49
SANTIAGO

Rúa Don Nicolás, 10
A ESTRADA

www.portaldetuciudad.com

O escaparate do comercio de Melide

entra en mercamelidevirtual.es
e verás as mellores ofertas do comercio de Melide

www.mercamelidevirtual.es

PROGRAMACIÓN MARZO 2011
A FUNDACIÓN BOWLING

MELIDE  **OCIO**

AGADIC  Asociación Galega das Industrias Culturais

4 MARZO • 23:30 H.
DIANA TARIN BAND
JAZZ - SOUL - AFRO - BLUES - FEELLING

25 MARZO • 23:30 H.
PEPO SUEVOS
MONÓLOGOS




 Rede Galega de música ao vivo

Cafe  **Vagalume**

Ciber **Billares** **Salón de TV**

Cantón de San Roque • 15800 MELIDE

Máis de 20 asociacións piden a apertura dunha senda peonil na estrada Melide-Ribadulla

Solicitaron unha entrevista co deputado Rama para avaliar o proxecto

Afectados por expropiacións recorreron o prezo que deu a Deputación

Unhas 23 asociacións dos concellos de Santiso e Melide solicitan a creación dunha senda peonil ao longo da estrada que une o casco urbano de Melide coa parroquia de Ribadulla, en Santiso (CP-4603).

Pretenden que a estrada, cuxas obras de mellora e ensanchamento están en proceso, estea complementada por unha senda peonil “que mellorase a segurancia das

moitas persoas que fan uso deste vial para os seus desprazamentos a pé”.

Argumentan que o vial transcorre por parroquias de “densa poboación”, como son as de Ribadulla, Visantón e Pezobre en Santiso e San Martiño das Varelas, Campos e Santa María en Melide. Asímismo, aseguran que varios desvíos do Camiño de Santiago están indicados pola estrada CP-4603, polo que o seu uso se incrementa por parte de peóns e incluso ciclistas.

Dende a asociación O Noso Lar de Visantón afirman que a senda podería construírse nun espazo que foi expropiado pero que quedará sen uso porque non será invadido pola ampliación da estrada, segundo confirmou o seu presidente, Manuel Adán.

O grupo de asociacións están á espera de resposta á solicitude dunha xuntanza co deputado responsable de Vías e Obras no organismo provincial, Bernardino Rama, para tratar a construción desta senda e concretar o proxecto.

Expropiacións

Os veciños das distintas parroquias polas que discorre o vial xa comezaron a recibir as cartas nas que se fixa o prezo dos terreos e bens que lles son expropiados.

Dende O Noso Lar puxeron en marcha un servizo de asesoría técnica que aconsellará ós propietarios que queiran facer reclamacións naqueles trámites que deban facer.

Adán asegura que boa parte dos afectados están conformes co prezo dos terreos que lle propón a Deputación. “O problema está nos muros, cambios de portais ou de acometidas”. Asegura que o organismo provincial valora o cambio dun portal nuns 100 euros, cantidade moi inferior ó prezo de mercado.

Os expropiados teñen 15 días a partir da chegada da carta para comunicar a súa conformidade co prezo fixado pola Deputación. Os que desexen reclamar, teñen un prazo de 20 días, a partir do primeiro período para remitir a súa disconformidade.

O PXOM de Santiso supera os trámites de avaliación ambiental

Proxecta a construción de dúas zonas de vivendas protexidas



O novo PXOM proxecta a construción de vivendas protexidas

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiso superou recentemente o trámite de avaliación ambiental. Agora é a Dirección Xeral de Urbanismo a encargada de examinar o documento para darlle a aprobación definitiva. Segundo indicou o alcalde de Santiso, Ovidio Leiva, o departamento da Xunta ten un prazo de tres meses para emitir un veredicto sobre o PXOM. Leiva amósase confiado de que nun prazo de tres ou catro meses estean aprobadas as novas normas urbanísticas.

O PXOM, que foi remitido á Xunta en xaneiro de 2010, recibiu unhas 400 alegacións por parte dos veciños. “Resolvéronse favorablemente todas as que entraban dentro da legalidade”, indica Leiva.

O novo plan contempla a construción de vivendas de protección oficial, en Arce-diago e Visantón, e a creación dun polígono industrial na zona de O Maniño, preto do futuro enlace da autovía A-54. Leiva augúralle éxito ao parque empresarial, polo que xa se interesaron varias firmas.

Multitudinaria presentación da escudería Toques Rally Sport

Unhas 250 persoas participaron na presentación da escudería Toques Rally Sport que tivo lugar o pasado 18 de febreiro no Polideportivo Municipal de Toques.

A directiva do clube, que preside Alberto Fraga, amosouse satisfeita pola boa acollida que tivo o acto entre os afeccionados ó motor da zona. Precisamente, dende o equipo queren trasladar os seus agradecementos aos asistentes, aos patrocinadores e aos concellos de Toques e Palas de Rei.

A estrea do equipo en competición oficial nesta tempada será no Rali do Cocido de Lalín, que se disputará o 12 de marzo no Deza, no que competirán dous dos catro coches que conforman a escudería, pilotados por Fraga e Mario Prieto. Os outros dous coches



Unhas 250 persoas asistiron á cea de presentación do clube

están pendentes de trámites documentais, indicaron dende a escudería.

O equipo está patrocinado polas firmas Luer Instalaciones, Ferrallas Vulcano, Distri-

bucións Casal Penas, Panadería Toques, Alicatados Santi Neira, Taller Belarmino, Restaurante Xaneiro, os pubs Kemas, Laicus e Zerox, Discoteca Palladium e Excamel.

Constitúen o Consello de Terras de Santiago, que inclúe os catro concellos da zona

O pasado 1 de marzo quedou constituído o Consello de Terras de Santiago, nun acto celebrado no Centro Comarcal de Ordes, ao que asistiron os alcaldes dos concellos integrantes e o conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez.

O Consello de Terras de Santiago está integrado polos municipios da comarca da Terra de Melide -Melide, Santiso, Sobrado e Toques- e polos de Arzúa, Touro, Boimorto, O Pino, Boqueixón, Vedra, Teo, Ames, Brión, Padrón, Dodro, Rois, Oroso, Trazo, Tordoia, Ordes, Frades, Mesía, Cerceda e Val do Dubra.

Este novo órgano, que nace de acordo coa Lei de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural e que terá un carácter meramente consultivo, con-

tará con representantes da Xunta, tres alcaldes da zona, sindicatos agrarios e de clase, representantes do grupo de desenvolvemento rural da zona, asociacións de mulleres rurais e colectivos a prol da conservación do medio.

Traballarán no desenvolvemento de catro eixes, que situaron como “estratéxicos”. Son a actividade económica e emprego; infraestruturas e equipamentos básicos; servizos e benestar social e medio ambiente.

Os representantes neste consello terán que propoñer e recibir actuacións para a elaboración do denominado Plan de Zona, que recollerá todas as actuacións que se acometerán no ámbito rural dos concellos que abarca.



CONCELLO DE SANTISO



Axencia de lectura



Obradoiro de cantería

Os investimentos
en Santiso ao longo
da última lexislatura



Parque biosaudable



Parques infantís



Ruta de sendeirismo

Toques amosará os seus encantos turísticos na feira Turexpo 2011

O Concello promocionará as paisaxes e a gastronomía típica da zona

Na mostra analizarán cómo inflúen as novas tecnoloxías no sector



Stand de Toques na pasada edición de Turexpo

O Concello de Toques asistirá por segundo ano consecutivo ó II Salón Turístico de Galicia, Turexpo 2011 -que se celebrará no recinto da Feira Internacional de Galicia de Silleda do 25 ó 27 deste mes-, para promocionar o potencial turístico do municipio.

A concelleira de Cultura de Toques, Cruz Bande, encargada de coordinar o evento, indicou que no stand toquense poderase visualizar un vídeo promocional que divulgará os atractivos paisaxísticos, patri-

moniais e gastronómicos do concello. Asimesmo, está previsto que se entreguen aos visitantes varios folletos informativos, entre os que haberá un tríptico sobre A Capela e outros coas rutas de sendeirismo que se poden percorrer por territorio toquense.

Haberá degustación de produtos típicos da zona, como acontecera na edición pasada.

Dende o Concello contactaron con varias empresas locais para que tamén estean presen-

tes na feira turística.

Novas tecnoloxías

Na mostra, varios expertos analizarán a relación entre turismo e internet, poñendo exemplos prácticos para coñecer a penetración do comercio electrónico e a comunicación dixital no sector turístico durante os últimos anos.

Neste senso, dende o Concello de Toques contan dende hai un ano coa web www.toquesturismo.es.

Comeza a liga local de fútbol sala en Toques

Varios equipos xa están inscritos para participar na liga de fútbol sala que organizan dende o departamento de Deportes do Concello de Toques. O torneo comezará o próximo 16 de marzo e disputarase tódolos mércores a partir das 20.30 horas, durante os meses de marzo e abril.

A data límite para anotarse será o 11 de marzo, nas oficinas do consistorio ou a través do número 981505826. A par-

ticipación está aberta a tódolos veciños da comarca. De feito, xa están inscritos equipos de Arzúa ou de Melide.

O equipo que resulte gañador deste torneo terá a opción de xogar no XIV Campeonato Intermunicipal de fútbol sala que se celebrará na localidade coruñesa de Santa Comba.

O campionato de fútbol sala é unha iniciativa exitosa que se leva desenvolvendo dende hai varios anos en Toques.

Instalan paneis solares en varios edificios de Sobrado

O Concello de Sobrado completou a instalación de dous paneis solares fotovoltaicos no edificio de Usos Múltiples 'Casa da Irmandade' e no CEIP Virxe do Portal.

Estas instalacións conectaránse á rede para proporcionar enerxía eléctrica, se ben a enerxía que xeren non irá destinada para o uso nos edificios onde se instalaron, senón que será para vender á compañía eléctrica, segundo confirma-

ron dende o Concello.

Os paneis, instalados no marco do plan de aforro enerxético da Deputación da Coruña, aínda non están conectados á rede. Estase á espera da operación de enganche, para a que xa se fixeron as xestións oportunas entre a empresa concesionaria dos traballos, a compañía eléctrica e o organismo provincial, tal e como informaron dende o consistorio.

Aires da Beseña organiza actividades deportivas



A marcha cicloturista percorrerá o roteiro de Visantoña

A asociación cultural e deportiva Aires da Beseña de Santiso organiza tres actividades deportivas para os meses de marzo e abril.

A primeira delas será un torneo de fútbol 3x3 -unha modalidade de xogo na que os equipos só contan con tres xogadores e os partidos teñen unha duración de 10 minutos- que se celebrará o 26 de marzo. A convocatoria está aberta a xente de tódalas idades. Poderán participar un máximo de oito equipos, tendo

preferencia os veciños de Santiso. Os interesados teñen que inscribirse antes do 14 de marzo no enderezo airesdabeseña@hotmail.com ou chamando ao 620757646.

Segundo avanzou a asociación, haberá agasallos para os equipos mixtos, os femininos e os tres primeiros clasificados.

Por outra banda, para o día 2 de abril está prevista a segunda marcha cicloturista polo roteiro de Visantoña. O domingo, día 3, percorrerán unha ruta ao longo do río Ulla.

Mozos de Santiso crean un grupo de Galiza Nova

Mellorar a situación da xuventude de Santiso é o obxectivo co que un grupo de mozos pertencentes ao BNG crearon a agrupación Galiza Nova neste concello.

O grupo, liderado por Eva Balboa e María Iglesias, critica "o pouco interese do actual goberno pola xente nova". "Botamos de menos axudas, información e facilidades para vivir e traballar aquí", aseguran dende o novo colectivo. Ademais, denuncian que dende o Concello non se programen actividades para o Nadal ou o Entroido.

Lei de Augas

Por outra banda, o BNG de Santiso rematou a recollida de sinaturas para solicitar á Xunta a retirada da Lei de Augas de Galicia. En total, obtiveron 800 apoios.

Cazadores da Xuntanza de Toques abaten dez raposos



Cazadores do Tecor A Xuntanza de Toques, colectivo que preside José Ramón García, organizaron unha xornada para a caza do raposo, no que

batiron dez animais.

Na cacería participaron uns 15 cazadores, que deron boa conta das súas habilidades á hora de abatir presas.

Entroido por todo o alto nas vilas da comarca



O espírito do Entroido comezou coa reunión dos escolares de Melide na Praza do Convento. Flores, bombeiros, chefs, bolboretas... había para tódolos gustos.



En Toques celebraron por todo o alto o Domingo de Entroido con diversas actividades para os máis pequenos, os máis animados á hora de disfrazarse.



Os mozos de Visantoña recrearon este ano o mundo dos Pitufos. Ataviados de azul e branco percorreron a parroquia e desfilaron tamén por Melide.



Bob Esponja causou auténtico furor entre os máis pequenos, que se reuniron no Cantón de San Roque. Tamén bailaron o Waka-waka de Shakira.



A música pegadiza da charanga Tralla 101 animou a noite na ateigada Praza das Coles, na que había disfraces de tódalas épocas e feitureas.



Filloas, rosquillas, caldo limpo.. Ducias de persoas degustaron en Melide os doces típicos. Entre eles había algún concelleiro escondido baixo a perruca.



O xigante meco, este ano caracterizado do presidente italiano Silvio Berlusconi, percorreu as rúas de Melide atrás de nenos e maiores.



Pero a vida do peculiar Berlusconi foi curta, xa que foi queimado na Praza das Coles ante ducias de persoas que xa agardan ao Entroido do ano que vén.

As féminas do Atlético de Melide seguen a facer historia



Equipo feminino do Atlético de Melide, con Tamara, María, Natalia, Silvia, Belén, Susana, Paula, M^a Carmen, Dulce María, Patricia e Patricia e o adestrador Julio Mouriño.

Están a facer historia no fútbol da comarca. As xogadoras do equipo feminino do Atlético de Melide comezaron loitando dende abaixo e hoxe están competindo a un alto nivel, na primeira autonómica.

O director deportivo do clube, Julio Mouriño, amósase satisfeito polo bo rendemento do equipo, mais asegura que o obxectivo primordial da tempada é salvar a categoría. “Intentaremos salvar o equipo para que non baixe, porque esta categoría dános paso á nacional”, indica.

“É o primeiro equipo de Melide e de toda a comarca en estar nesta categoría da liga galega. Nin sequera en fútbol masculino se acadou esa categoría”, recalca.

O técnico reclama o apoio da afección, xa que é vital para

manter os ánimos e evitar o descenso.

Cinco equipos xogando

Xunto co feminino, o Atlético de Melide -presidido por José Quintas- ten actualmente outros catro equipos. Un de veteranos en primeira autonómica, de cadetes e infantil, ambos en segunda provincial, e outro de alevíns en primeira provincial.

Mouriño asegura que teñen “equipos bastante competitivos” grazas á aplicación dunha mesma filosofía de xogo en todos eles. Pero un dos puntos débiles é a falta de xogadores.

Recoñece que economicamente é difícil manter tantos conxuntos, aínda que o clube conta con apoios dos socios protectores e do Concello de Melide e Deputación.



Julio Mouriño, dtor. deportivo

Mouriño Río confesa que foi “moi difícil” volver refundar o Atlético de Melide, que comezara a súa andaina a comezos dos 70. Tiveron que reunir a melidenses que xogaban en Santiso para refundar o clube.

Sobre as relacións co Cire, o outro clube de Melide, asegura que son “boas”. “Non competimos con eles -o Cire faíno pola Coruña e o Atlético por Sanantiago- e non hai rivalidades directas”.

M&M
MODA

19 DE MARZO - DÍA DEL PADRE
REGALE CAMISAS

Ronda de A Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno : 981 94 24 15



PAVIMENTOS
Melide, S.C

- Recrecido de suelos para poner plaqueta y madera.
- Hormigón pulido.

Teléfono: 981 94 24 15 / 981 94 24 16
C.O. Emprego: 15.000.000 - 15.000 MELIDE (A Coruña)

froiteria
Froiver



Cestas de froita por encargo

Ideal para regalo!!

PRODUCCION PROPIA
8.000 m² de horta
Garantía de orixe e calidade

Tf. 610 220 261
Ronda Coruña, 38
15800 MELIDE

Nova colleita de medallas dos loitadores da Escuela Ayude



Imaxe do equipo de loita no campionato galego

Os loitadores da Escola Ayude de Melide obtiveron recentemente unha nova colleita de medallas nunha exitosa actuación no campeonato galego de loita escolar e junior celebrada o pasado 26 de febreiro en Baiona.

Na categoría de pesos pesados, Alexandre Freire acadou o ouro en libre olímpica e en loita grecorromana. Nestas mesmas especialidades, David Penas conseguiu a medalla de

bronze, segundo informaron dende a escola.

Xa na categoría escolar, Cora Ayude fíxose co ouro en libre olímpica. Mario Varela, Borja Vázquez e Adrián Carril conseguiron a prata e Aron Ayude acadou o bronze.

Deste xeito, Alexandre Freire e Cora Ayude están clasificados para o campionato estatal, que se celebrará en Granada o próximo 26 de marzo.

Por equipos, a Escola Ayude obtivo o ouro na categoría escolar e o bronze en loita grecorromana.

Kick boxing

Os loitadores Adolfo Prieto e José Conde proclamáronse campeóns galegos na modalidade 'koshiki', que os clasifica directamente para o campionato de España, que se disputará en Salamanca no mes de abril.

O campionato de kaiak será o 19 e 20 de marzo

A sexta copa galega de kaiak extremo, prevista para o 19 e 20 de febreiro en augas do Alto Ulla, celebrarase finalmente os próximos 19 e 20 de marzo, logo de que as adversas condicións meteorolóxicas obrigaran á organización a suspender a competición.

Organizada pola Plataforma Social pola Defensa do Alto Ulla, co apoio da Federación Galega de Canoaxe, a Asociación Cultural e Ecoloxista 'Curuxás', Adega e a empresa de turismo activo Ferventía e coa colaboración de numerosas

empresas e asociacións da zona -entre elas Asetem-Cca-, o campionato comezará o día 19 ás 11.00 cunha proba clasificatoria no tramo do 'Cachón das Pesqueiras'. Máis tarde haberá unha exhibición de baixada polos torrentes e a competición retomarase o día seguinte, cando se disputarán as probas finais en horario de 11.00 a 13.00.

Os organizadores agardan un nivel de participación semellante ó de anos anteriores. Nesta ocasión, os participantes deberán estar federados.

Lucía Pérez, a Eurovisión



A cantante lucense Lucía Pérez, que actuou na gala da campaña de comercio que organizaron en Melide Asetem-Cca e a Federación Galega de Comercio, será a represen-

tante española no festival de Eurovisión, que se celebrará na cidade alemá de Dusseldorf o próximo 14 de maio.

Cantará a canción 'Que me quiten lo bailao', que finalmente fusionará os ritmos da rumba e da música tradicional étnica e incluírá o son das gaitas, nun achegamento ata a música galega, tal e como quería a propia Lucía. Porén, a organización descartou incluír na canción frases en galego.

Presentan a nova edición do Rali da Terra de Melide



A escudería Melide MotorSport presentou recentemente o cartel oficial da terceira edición do Rali de Galicia Histórico-Camiño de Santiago. A presentación tivo lugar no I Salón do Vehículo Clásico e de Época de Galicia, celebrado

entre o 18 e o 20 de febreiro en Santiago.

A proba, que nas dúas anteriores edicións se disputou por vías da Terra de Melide, podería percorrer tamén estradas de Arzúa ou Vila de Cruces, segundo apunta a organización.



Tenda degustación de queixo e produtos artesanais de calidade
Novas intalacións en Rúa San Pedro, 16 Melide

Tenda Tlf/fax: 981505723
Queixería Tlf/fax: 981100252

Balada - Visantóna
15809 Santiso
xebre@telefonica.net

“Curta de miras”

Santiago Prado Conde (Chago)
Antropólogo

O comezo de ano presentouse especialmente vivo en feitos que “dan que falar”. As novas medidas do goberno á restrición do tabaco din que están xerando perdas nun sector no que o número de empregos é importante; a caixa galega creada recentemente agora resulta que vai ser outra cousa; as revoltas do mundo árabe e os seus efectos nas economías occidentais pola subida do prezo dos carburantes está levando ao encarecemento de produtos básicos, e as medidas do goberno ante o déficit enerxético que leva padecendo de xeito xa crónico o Estado español preténdense atallar regulando a velocidade, que inxenuidade!; os efectos da crise, a pesares dos signos inequívocos de recuperación, seguen a reflectirse na perda de empregos e no enriquecemento duns poucos, etc.

Os feitos expostos, entre outros, permitirían escribir páxinas e páxinas, sen embargo a colaboración deste mes voulla dedicar ao ataque ás persoas que falan galego porque un bo amigo mo pediu e aos bos amigos non se lles pode fallar.

Andan as cousas quentes no tema lingüístico e chega o gran reality dos últimos anos na televisión e aviva o debate. Paleta, bruto, radical e inculto son os adxectivos cos que acuñou a protagonista a todos os falantes da lingua galega, facendo fincapé nos máis novos da nosa sociedade. A cantidade de reduccionismos que realiza a protagonista en todas as súas “opinións” parece situarse na vella expresión galega “curta de miras”. Esta expresión fai referencia a persoas que única e exclusivamente son quen de mirar para si mesmas porque a súa traxectoria vital foi moi pobre en experiencias.

Este tipo de humanos xeran unha construción da diversidade en termos de desigualdade, con todos os problemas sociais que isto xera. Asocia falar galego a un tipo de ideoloxía política e cualifica aos que a profesan de “exaltados”, sen o máis mínimo de respecto polas persoas; nin tan sequera é quen de cavilar na intolerancia que amosa ao negarse a utilizar/aprender outra lingua que non sexa o español.



É curioso dicir que todos os falantes de galego coñecen tamén o español –moitos xa son trilingües- e unicamente algúns falantes de español teñen competencias en lingua galega, outros chapurréano e algúns outros négano.

O problema non se circumscribe á utilización da lingua, posto que cada un pode falar no que lle veña en gaña, senón á negación por aprendela, como ben relata, para o que utilizou toda unha serie de artimañas que non precisan de maiores comentarios. A súa negación a aprender, como recolle o Estatuto, a lingua propia do país sitúase tamén nunha ofensa cara a comunidade educativa no seu percorrido escolar, cara os seus pais e comunidade social da que formou parte porque non foron quen de construír un ser humano que basee as súas experiencias no respecto e tolerancia. Ela mesma expresa que lle custa moito entender o galego, máis aínda falalo, e denomina a un tipo de falantes de galego, debido a que é “curta de miras”, como “brutos”.

Estes son os mesmos argumentos que utilizan e utilizaron todos os réximes intolerantes e maltratadores de persoas, é dicir, negan ao outro e tratan de estigmatizalo

a través da invención dunha serie de connotacións pexorativas para poder impoñerse, controlar e exercer as súas accións coercitivas.

O noso prezado conselleiro de educación tratou de sacarlle ferro ao asunto explicando que son tópicos presentes na sociedade galega, principalmente na xuventude urbana. Na miña opinión aínda botou máis leña ao lume, e estamos a piques de queimarnos, porque os mozos e mozas de hoxe son o futuro de mañá e podemos extraer das verbas do conselleiro que se están construíndo unha tipoloxía de mozos e mozas propios doutros tempos, que pensan que a negación e o aldraxe contra as persoas é a mellor maneira de comportarse ante os que temos ao noso carón.

Se isto fose así entre a xuventude urbana, deberíamos comezar a tremar ante o que nos espera, polo que é preciso traballar arreo para que os nosos mozos e mozas sexan doutro xeito.

Ás “Martas” desta terra hai que xerarlles experiencias para que o seu mundo non se reduza ao pequeno barrio, grupo/s social de pertenza ou cidade, para que sexan quen de abrir os seus ollos e pensen no que se están perdendo.

Troiteiros

Xavier Pazo Blanco, presidente da
Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’

O pescador de cana, e en especial o de río, serviu durante moito tempo como paradigma dun tipo de paciencia ao que podíamos adxectar como estéril e nada pragmático. Os chistes gráficos, carteis e mais as películas –sobretudo as que aínda estaban en branco e negro– proporcionábanos a imaxe tópica do individuo resignado pero perseverante que agarda, certo que con non moita convicción, a pouco probable mordela dalgún despistado peixe disposto a matar a fame coa pobre miñoca presa no anzol dende había xa unha eternidade.

Non tiñan, os pescadores de río, demasiada boa sona no referido á súa capacidade de esforzo e dedicación aos labores que lles cumpría para mirar pola facenda propia e a prosperidade da casa, reputación da que tamén participaban aqueles que eran afeccionados ás prácticas venatorias. Alguén deixaba caer aquilo de “cazador e troiteiro, nin boa meda nin bon palleiro”, “cazadores e troiteiros, todos minteiros”, e de nada valía que outro pretendese argumentar algo en contra; a sentenza soaba sempre tan tallante que non admitía discusión e se había alí quen se puidese dar por aludido máis lle valía calar a boca e baixar a cabeza con modesto asentimento.

Pero hoxe, díseme, as cousas

mudaron bastante en todos os aspectos e a pesca é moito máis dinámica e precisa de coñecementos e materiais que nada teñen que ver coa vella imaxe do home do pucho de palla e a canaveira de bambú que deixaba pasar as horas aposturado no mesmo lugar, presos os ollos nas ondas que a auga do río debuxa e instalado nunha especie de “laissez faire” fatalista que tarde ou cedo acabaría por lle dar algún resultado e que, polo que se ve, está agora a ser principal compoñente da táctica a seguir por algúns comodamente instalados na sala de espera “vip” das beiras do río.

Nun dos gags máis utilizados polos autores de chistes gráficos o único que o pescador lograba atrapar no seu anzol despois de todo aquel tempo de espera era unha lata de conservas enferruxada ou un vello zapato descomposto. Certo é que o debuxante non nos deixaba quedar especialmente ben no tocante á cultura ecolóxica, pero non creo que se mellorase demasiado neste aspecto polo que ningún está libre de que algo así lle suceda a el.

Claro que, na maioría dos casos, é moi probable que estea convencido de que, de ser así de mal a pesca, a lata será sempre de caviar iraniano e os zapatos ingleses e feitos a man.



**Asociación
de Empresarios
Terra de Melide
Centro Comercial
Aberto**

***Mercar
en Melide,
todo un acerto***

Triste aniversario

Xosé Núñez López



Xosé Núñez e Eugenio Pazos en agosto de 1994, na homenaxe pola retirada do director

A miña colaboración neste noso periódico Cerne do mes de outubro pasado titulábase: “Estamos de aniversario” porque cumpríanse 20 anos da creación da Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantón. Aquel era un aniversario de ledicia dado que por medio da mesma, e coa impagable colaboración de Eugenio Pazos Reyes (QEPD), acadouse o obxectivo de que tanto a escola como a Banda Popular de Música de Visantón continuaran a súa andaina máis que centenaria con toda normalidade.

Pero non se pode seguir escribindo sen deixar moi claro que cando D. Eugenio lle manifestou á Xunta Directiva da Asociación Cultural que el non podía seguir dirixindo a Escola e a Banda de Música, por non permitirllo o seu estado de saúde e tamén a súa xa avanzada idade, foille pedido que seguira algún tempo máis ata que a asociación contara con máis medios de carácter económico para poder pagarlle a un novo director.

D. Eugenio fixo o grande sacrificio de continuar tres anos máis, ata que lle era imposible seguir. Sendo entón cando é proposto pola directiva, coa equiescencia dos membros da banda de música, o seu neto Uxío Pazos Pintor. Foi posto a proba, proba que resultou positiva ata o punto de que éste, despois de vinte anos dirixindo a Escola de Música e asimismo a Coral Polifónica que el mesmo fundara, acadou o número catro no posto dos directores que máis tempo dirixiron unha das bandas máis antigas de Galicia, con máis de 130 anos de existencia ininterrompida.

Agora atopámonos de novo co problema de ter que buscar outro director que releve a Uxío, que pediu o seu cambio na derradeira reunión da Asemblea Xeral Ordinaria do pasado 2010.

Por iso chegou a hora de traballar TODOS, así, con maiúscula, porque todos cabemos e todos somos necesarios, podendo ser útiles cadaquen dende a súa situación persoal,

sen que ningún trate de escaparse, mirando para outro lado.

Tamén lle pedimos ó Concello de Santiso que colabore sen regateos, posto que os cartos que sexan invertidos na cultura musical ninguén os vai chorar nunca e sempre será o mellor destino que se lle poidan dar; naturalmente escomezando por facer efectiva a cantidade adebedada canto antes sexa posible.

O vindeiro 28 de marzo cúmprese o primeiro aniversario da morte de D. Eugenio Pazos Reyes. Se D. Eugenio estivera connosco sería o primeiro en poñer da súa parte o que fixera falta e como soe dicirse, “ninguén morre mentres sexa recordado”. Ten por seguro que ti seguirás vivo na nosa mente e na nosa memoria para sempre xamais e que os que coitamos xunto a ti, para que a túa importante obra cultural non decaera, nunca che fallaremos porque tampouco nos fallaches ti a nosoutros.

CURSO PRÁCTICO DE CONFECCIÓN DE NÓMINAS

do 1 de abril ao 7 de maio de 2011

Inscripción: 902300981 ou www.cec.es

Máis información: ASETEM-CCA - 981506188

R/Lino Sexto Sánchez 2, Melide

CURSO DE BENESTAR ANIMAL

ABRIL 2011

(2ª QUINCENA)

OBRIGATORIO PARA:

- CONDUTORES
- COIDADORES
- PERSOAL DE GRANXAS E MATADOIROS

INSCRIPCIÓN:

ASETEM-CCA: 981506188

R/LINO SEXTO SÁNCHEZ, 2 - MELIDE

JUAN MANUEL GONZÁLEZ
608685627

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322

981506188

info@asetem.com

LIÑAS DE AUTOBÚS

-do venres 1 ao venres 8 de abril: ITV para coches e tractores no Pazo de Congressos. Horario de 9.00 a 13.30 e de 15.30 a 18.00. Asignarase hora e día de atención ao público segundo orde de chegada.

MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40

MELIDE - TOQUES
(Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30

Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00

Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

ASETEM-CCA	981506188
I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981507742

MELIDE

SANTISO	
Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ, Q' ME COMPRO

“Vestimos a mozos, cabaleiros e señoras para calquera ocasión”

Leva toda unha vida “envolta” en roupa, primeiro cosendo e agora vendéndoa. María José Rodríguez abriu a primeira tenda Q' me compro hai algo máis de dous anos en Melide. Era un soño que tiña dende nova. É consciente de que non foi a mellor época para montar o negocio pero amó-

sase optimista de cara ó futuro. Dende o comezo tiña claro que quería algo diferente ás tendas de sempre. “Hai que ir modernizándose e cambiar o chip. Quería que a xente non se sentira coaccionada a mercar cando entrara na tenda”. Hoxe xa ten abertas outras dúas tendas en Monterroso e Melide

-Como xurdiu a idea de montar un comercio de roupa?

-Levo dende os 18 anos traballando na confección e sempre tiveren ganas de montar unha tenda. Sempre ía pasando o tempo, pero chegou un momento no que dixemos “ou a montamos agora ou olvidámonos do tema”. A verdade é que a puxemos no peor momento, porque xa empezaba a notarse a crise.

-Aínda coa economía en contra, o negocio funciona

-Non podemos dicir que nos vai mal, pero tampouco é para tirar cohetes. Dende que abrimos a primeira tenda en Melide, abrimos outra en Monterroso e unha segunda en Melide.

-Notou moito cambio dende que abriron o primeiro establecemento ata agora?

-Non. Máis ou menos seguimos mantendo a mesma liña de cando comezamos. Hai meses baixos e outros mellores, no verán trabállase moito máis. Pero non nos queixamos dentro de cómo está todo.

-Que tipo de roupa podemos atopar nas súas tendas?

-Traballamos roupa para señora e cabaleiro e para mozos nesta última tenda que abrimos en Melide. Aquí pódense comprar dende prendas para vestir a diario ata traxes de festa para ocasións especiais como vodas ou fin de ano. Vestimos a tódolos tipos de público, dende os 12 anos en diante, para calquera ocasión.

-Q' me compro traballa coa cadea Carola Moda



María José Rdguez. na tenda de señora e cabaleiro de Q' me compro en Melide

-Comezamos comprando nós a roupa, pero metémonos nunha cadea porque non temos tempo suficiente e ademais os prezos son máis asequibles. Hoxe en día para poder traballar con certas marxes hai que asociarse.

-Ademais tamén traballan complementos

-Temos bolsos, pashminas, bisutería, tocados e zapatos para os mozos.

-Que aceptación está a ter a tenda de moda xuvenil?

-Moi boa, estamos vendendo moi ben. Temos roupa moi variada e a prezos moi asequibles. Moita xente comenta que facía falta algo así en Melide, porque non había ningunha tenda de roupa xuvenil. Vén moita xente, sobre todo rapa-

ces. Nótase que era un servizo que lles faltaba na vila. A nosa intención é que os mozos non marchen fóra para mercar roupa.

-As tendas seguen a mesma filosofía que as das grandes cadeas

-Queríamos poñer unha tenda na que a xente poidera entrar e mirar libremente, na que non houbera que ensinarlle prendas, como se fai nas tendas de cadeas e nas cidades. Facía falta algo así en Melide, algo máis moderno que as tendas de toda a vida. E está funcionando moi ben. A xente entra e sae e non se sente coaccionada a comprar.

-A variedade de modelos é un dos seus puntos fortes

-Procuramos traer moitos mo-

delos distintos para que a xente teña onde escoller. Ademais a vila é pequena e para que a xente sinta que non está comprando prendas que se ven moi repetidas pola rúa.

-Rematadas as rebaixas, que balance fan?

-Bo, tendo en conta que estamos en crise. Sempre poñemos de rebaixas o que hai na tenda, prendas da tempada, non de anos anteriores. Ó final acabamos liquidando todo o que nos queda a moi bo prezo.

-Despois de máis de dous anos abertos xa terán clientes fieis

-Hai xente que veu dende o principio e repite dende aquela. Veñen de tódalas vilas de arredor. De Sobrado, Toques, Santiso, Curtis, Agolada

“Queríamos montar un comercio no que a xente poidera entrar e mirar as prendas con liberdade”

“En Melide non había tenda de moda xuvenil, agora os mozos xa non teñen que marchar fóra a mercar”

e incluso de Lalín. E por suposto, xente de Melide, á que lle estamos moi agradecidos.

-Fan arreglos?

-Temos unha modista que se adica a facer os arreglos. Facemos o básico, de coller baixos, mangas ou meter nas pernas e cousas especiais, como pode ser no punto ou nos vestidos de festa, xa que dispoñemos das máquinas apropiadas.

-O sector textil leva en crise moitos anos e agora máis coa chegada de prendas de China.

-A competencia china notouse. Hai xente que non mira a calidade da roupa que compra, só se guía polo prezo, e máis tendo en conta que estamos en época de crise. Pero ás veces o barato sae caro.

